

O Compostelenismo de Castelao

Por RAMÓN OTERO PEDRAYO

I

A sinxela proposta da temática expresada no título deste artigo leva en si, tratándose de Castelao, a cavilación sobre algunhas constantes no ser e fluír do Espírito nas terras de Arousa, as veigas do Sar e Compostela e seu giro. Un mundo de evocacións. Elas precisarían dun longo e dentro do posible dun metódico desenrolo. Teimamos neste noso estudo non ser abrandados polos feitizos da cosmicidade e humanidade do ambiente histórico, e cinguirnos á figura centrosa e senlleira de Castelao na súa vocación compostelá e seu complimentito.

Pra sentir deica as raíces máis fondas do ser e persoalidade de Castelao debemos lembrar cómo de neno, xa rubindo á adolescencia, foi levado á Arxentina e polo tanto foi emigrante e moi terno escolleito pola saudade. Pro o rapaz apenas sospeitou a grandeza de Buenos Aires. Deseguida foi levado á campaña. Daquela a Pampa era unha paisaxe auténtica e vagoenta. E o neno afeito á consumada individualidade galega —o traballo do suco, o tecido das redes, o fogar familiar, todo o concreto e madurecido dun vivir de vella nación— debéu sentir estranado o enorme valeiro apenas poboado de intencións e promesas da nova sociedade na que inmerso pensaba i ensoaba a Galicia. Foi ben neno escolleito pola saudade.

Arredor dos dezaioito anos voltou con toda a súa xente. ¿Qué visións de Galicia acendería pra o mociño Castelao o Atlántico

nos poentes da navegación? Non era como os outros do seu tempo. Tiña cursado na Universidade da lonxanía e do mundo novo, onde case todo estaba por facer, unha das meirandes esperencias do seu pobo galego. Bogaba en procura da súa nenez. Na idade na que os máis se desembrullan dela e fanforrean de homes de-reitos, Daniel voltaba ao seo quente e mol, a aniñar no pazo dos belidos ensoares e dos medos cuia proba tenta como unha froita do xardín dos espaventos e dos tesouros.

En dous anos fixo todo o bachillerato en Compostela. Atrás ficaban as noites da Pampa de cósmica soedade afonzada polos afiados e silenciosos perigos axexantes na tebra. As horas da noite compostelá arroladas polos toques da Berenguela, comprían en brazadas de rosas de ensono as arelanzas ambiciosas nadas na noite pampera. Debían enxergalo e sentido asombrados seus compañeiros mocíños, pra os que era aventura unha liorta a cantazos en Sar ou un bogar con mar bravo fora da Ría. Pro o regosto da ironía e do estar de volta como home de cigarro acedo de totalas ilusións non estaba no xenio de Castelao. A dura machada da vida non lle tiña tallado a mañífica e doncel frolesta do maxinar. E na carballeira de pedra, sonora de fontelas leendarias de Compostela, profesou Castelao con agradecido sentimento de home na espranzada inocencia da nenez. Era o tesouro da raza, o ouro celta do sol novo mollado nas ondas do infindo gardado pra todos os nenos galegos no seu durmir, como a terra do ermo ou do eido durmida e doncel garda o faiscar dos céltigos tesouros. Pro os máis dos nenos galegos feitos homes de presa esquencen os sonos da súa nenez e esdenan o ensoar e o tesouro gardados no seo da Terra-Nai. Castelao ao facer moi novo o aprendizaxe de home no escenario arxentino do loitar en cada intre pola vida, gardou sin lixos o ensoar da nenez amparado pola saudade. I en Compostela sin mingua nin merma agardaba por el como gardada polas boas fadas madriñas da alma dos pobos.

I I

Pra nós ten moita valencia pra a súa obra e siñificanza a carreira médica de Castelao. A xente —a xente pouco atenta ao deitar das fontes íntimas do espírito— conténtase co humorismo e rí. ¡Castelao, o ledo caricaturista, o animador das milliores tu-

nas de Santiago facéndose médico compre unha chuscada máis pra rír fateado de médico a carón do doente e vagar, todo o máis un pouco hamletiano, polos vellos adrales galegos! Non exercitáu ou apenas exercitáu a carreira, a man tenta, sin ensaios, mais a Castelao se lle non entende sin seus estudos. Tiña de ser estudante de Meiciña porque o médico chega millor do que ninguén aos abisos da conciencia da xente galega, millor do que o notario, e o home enfermo ou a ramo da doenza ou saíndo ledo dela non aferrolla a súa singularidade. Pra coñocer e amar á súa xente, Castelao debía mirala no leito, no hospital, na consulta pé dos esteos do camiño, encobrando ca maxia simpatizante da profesión médica aquela outra maxia do seu xenio que o guiaba a coñocer e espricar os fondos máis segredos das almas galegas e cachear deseguida as motivacións delas diante o mundo en cada intre do seu vivir. Pra as vellas rianxeiras, pra os barudos mariñeiros e as mociñas de leda gravidade da mariña, debía ser pracer consultar aquel mozo médico, longueirón, tenro e riseiro, grande neno fateado de mouro cos seus ollos esculcantes e furadores, o seu agarimoso falar. Pensamos que Castelao denantes de todas outras cousas foi espreitado e considerado polas xentes de Rianxo como médico, como "curador", anque non tivera letreiro na porta, nin cobrara iguais...

A súa experiencia galega do pequeno Rianxo foi enteiro coñecemento na enorme, fonda e potente materia humá abranguida na leda e xentil plástica do Hospital. Toda a delor e a lembranza, o pavor da noite e o consóo do abrente alí latexaban. O quentor fedorento dos leitos dos febreiros tiña o recender dos eidos cando chove no esterco, os laios e queixas dos durmidos a noite do rueiro cruzada de pantasmas de ensoares. A Morte longa e esguía chimpaba os ourizos de vida dos valentes castañeiros dos patróns doentes, como santos vellos no retábulo xiraban os vellos médicos, e as batas brancas dos mociños internos tiñan pra as aboiñas de cinza a albencia do San Xoán sorrindo antre os centeos novos. De cando en cando un cantar era o frescor da foula na praia alapeada de febre, e cadaquén sentía decorrer os ensoares, legrías e tristuras do seu vivir na irmandade fonda da probanza pola delor, baixo o carcoal chover compostelán. Aquel Hospital foi a grande e xeneral Historia de Galicia, e sóio algún como Castelao soupo leer nos seus textos de cinza, febre, delor e miragre. Cecáis, case de fixo, soio Castelao. E toda Compostela

foi pra el rueiro e pazo, ermida e romaxe de Galicia. Seu lápiz foi obedente á gracia souril do románico e o follecer pantasioso do orlamente barroco. E nesta vía de pensamentos se non pode fuxir a pregunta: ¿Non pode ser o noso barroco a maxinación criadora das longas noites de delor, fame e inxusticia da nación galega?

Compostela rí en Castelao como nunca cecáis tiña rído, pro tamén a fermosura do seu destino metropolitán se defina como en ningún en o artista rianxeiro. O sorrir de Castelao loce no seu padrón Daniel no Pórtico da Groria, i entre os vellos, os 24 armoñosos vellos, míranos a faciana de Castelao e súas mans dibuxando todo o arelar da catedral do xeito en que alenta na tradición e no fondo da alma campesía. Outro motivo de irmandade con Rosalía. Entrambos foron alumnos da verdadeira Compostela, a arelante e saudosa, non a cristalizada en formas maxistrais das que os dous sofriron e ríron. Paser deica a ialba con Castelao a noite compostelán, foi pra mín percorrer o mundo asulagado no mar do tempo, sin se escurecer endexamáis a outa estrela da espranza acesa riba das augas ca seguranza do renacer que sempre brillou no locir dos ollos de Daniel, e nonos deixou cando ceguiños.

Como voto e seguranza deste destino Castelao erguéu a frolesta, a nova versión da basílica galega dos seus Cruceiros. A idea púidolle xermolar en Compostela ou non. É o mesmo. Pois pra Castelao a cidade do Apóstolo, paisaxe fonda e vivinte de rueiros, pazos, ermidas e camposas, foi a frolación enteira do vello caracocho da lénda, a suma de todas as aldeas, a consagración e a esperanza galegas. Seus tipos caricaturescos, os primeiros os levados polo mundo nas tunas escolares cunha mesturanza de risa e amor, son esquemas composteláns ou figurados pé da taza de tinto na Raíña, e sentidos no decorrer dos soportáis. Son Montero Ríos, Carracido, Murguía, Doña Emilia, o groso tinue do abade de Salomé, o longo Casares.

Por Santiago adeprendéu Castelao, sen estudar arqueoloxía, os tempos, as proporcións, os medos e os gozos do Románico, i estudou os tipos labregos do estilo dos Apostólos do Pórtico ou vibradoiros de legría barroca á volta da festa ou aturuxando como aturuxan os orlamentos da Berenguela... Foi Compostela como cada mañá lavada e mitoloxizada pola foula labrega, a cidade ideal pra o home de peirao con néboas mariñeiras e ron-

seles lembradoiros que foi todo o vivir de Castelao. Quen en Buenos Aires dende a fenestra da súa pre-cegueira e cegueira enxergaba no ceo porteño composicións de nubes composteláns. Súas fermosas rapaciñas teñen ca gracia de foula a beleza dalgunha das belidas donas da Catedral. Como Rosalía foi Daniel o grande Doutor compostelán dos tempos modernos, o soio dino de convocar a Concilio a tódolos cruceiros dos camiños e rueiros de Galicia.